

ESPECTÁCULO DE FOGOS ARTIFICIAIS SAN XOAN 2025 CONCELLO DE CARBALLO

**Xoves 26 de xuño de 2025 ás 00.00h
(noite do mércores 25 ao xoves 26 de xuño)**

RECOMENDACIÓNS PARA O PÚBLICO

- **Entidade Organizadora:** Concello de Carballo.
- **Nome da Empresa de Expertos:** Pirotecnia Rocha-Areas S.L.
- **Localización e hora de inicio:** Agra da Lagoa. A hora prevista para o disparo de Fogos Artificiais será o xoves 26 de 2025 ás 00.00 horas (madrugada do mércores 25 ao xoves 26 de xuño).
- **Estacionamento prohibido na rúa Vila de Negreira:** A partir das 15.30 h do mércores 25 de xuño ata ás 02.00h do xoves 26 de xuño.
- **Corte de tráfico da rúa Vila de Negreira:** A partir das 23.30 h do mércores 25 de xuño ata as 02.00 do xoves 26 de xuño.

RECOMENDACIÓNS PARA O PÚBLICO

1. Os fogos artificiais e as celebracións van xuntos. Pero os fogos artificiais poden ser perigosos e ocasionar graves queimaduras e lesións nos ollos.
2. É convinte acudir coa antelación suficiente ao lugar de celebración, polo menos uns 30 minutos antes.
3. Deben obedecerse as instrucións do persoal de seguridade e organización do evento e respectar as barreiras de seguridade. Non hai que achegarse ao lugar onde están lanzando os fogos. De feito, a mellor vista dos fogos artificiais é a **150 metros de distancia** ou moito máis alá.
4. No caso de acudir con nenos pequenos (non levar nunca bebés con carritos, etc., por propia seguridade) é convinte chegar pronto para situalos xunto á barreira de seguridade para unha maior comodidade.
5. En caso de sentirse mal (lipotimias, mareos) ou sufrir algunha ferida durante o espectáculo, acudir aos Membros de Asistencia Sanitaria que estarán situados de forma estratéxica ao longo da Barreira de Seguridade.
6. Durante o disparo dos fogos artificiais é bastante frecuente, se estamos situados na dirección do vento, que caian restos de cinza. En caso de introducirse nos ollos, convén lavar con auga abundante e non restregarse.
7. Aínda que é raro que aconteza, si un compoñente do lume artificial cae ao piso sen explotar preto de ti, non se debe tocar, nin empuxalo co pé (xa que se pode reactivar e explodir). Hai que avisar inmediatamente a persoal de seguridade do evento: Policía, Bombeiros ou Protección Civil. Nunca o manipules.
8. Deixar as mascotas na casa porque teñen os oídos sumamente sensibles ás explosións e adoitan ser moi desagradables para eles, en especial para os cans.